


HAI MOITAS FAMILIAS DISTINTAS....

Le o seguinte conto e comenta as preguntas coas túas compañeiras e cos teus compañeiros de clase



que as queres?

Pregunta na casa por que sodes unha familia. **Por que** queredes vivir xuntas? **Pregunta** que é o que máis quere, o que máis lle importa no mundo ás persoas da túa familia.

Debuxa a familia da nena do conto, logo **debuxa** tamén a túa. **Debuxa** as distintas familias que hai e pensa se coñeces algunha.

Que cousas lle gustan a Fran?

Que cousas lle gustan á mami de Fran?

Por que sabemos que mami e Fran se queren?

Que persoas coñeces que se queren? Por que sabes que se queren?

Que cousas facemos pola xente que queremos? Que cousas fan as persoas que nos queren por nós?

Quen quere á nena do conto? Por que o sabes?


Quen te quere a ti? Por que o sabes?

E a quen queres ti? Que fas para que as persoas que queres saiban

CONTOS DIVERSOS

Todo o mundo conta

Aquí tes algúns contos diversos para que goces deles e para que os comentes na clase. En que se diferencian doutros contos que coñeces?



Lawrence Schimel / Sara Rojo

ISBN: 84-96470-21-0

Editorial: Ediciones la Librería

Data de edición: 2005


Páxinas: 30

“**Amigos y vecinos**” conta a historia de Edu e Paco, dous nenos que viven no barrio de Chueca de Madrid. Edu vive con dous pais e Paco con ningún, aínda que a súa nai ten un noivo novo que non lle cae nada ben. Terán que enfrontarse a problemas como a intransixencia, a intolerancia e os prexuízos, pero iso non lles fará deixar de ser amigos e veciños.

Manuel R. Lorenzo / Bernardo Erlich

ISBN: 84-934627-1-3

“**Ana y los patos**” é a historia de dúas nais que tratan de satisfacer a curiosidade da súa filla, unha nena adoptada que dubida a quen das dúas debe dar a flor o Día da Nai.





¿De quién me enamoraré?

Wieland Pena y Roberto Maján

ISBN: 978-84-930592-1-7

Despois de que o profesor de literatura lles dixese aos nenos da súa clase que cando fosen maiores ían namorar, Marta e Andrés preguntáanse de quen namorarán.



Rey y Rey

Linda y Stern

ISBN: 84-8488-147-4

Editorial: Serres

A raíña pensa que o príncipe ten que contraer matrimonio. Deixarase guiar o príncipe polo seu corazón?



Ana Mujika Flores

ISBN: BI-2171-05

Editorial: Aldarte

“**Iris y Lila**”, dúas rapazas que se namorarán e pasarán polas aventuras e vicisitudes propias dos personaxes de contos. É unha historia interclasista e respectuosa con outras culturas.